

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
REALIZADA O DÍA 23 DE MARZO DE 2015**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 23 de marzo de 2015

HORA DE COMEZO: 19:55 h.

HORA DE REMATE: 20:20 h.

ASISTENTES:

Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente), D. Bernardino Faro Lagoa, D. Pío Millán Blanco, D<sup>a</sup> Dolores Gallego Santos, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Lucía Ledo Fernández e D. Jesús Manuel Graña Graña.

AUSENTES: D<sup>a</sup> Berta Pérez Hernández e D. Rafael Soliño Costas.

SUPLENTE: D. Francisco Javier Soliño Soliño.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D<sup>a</sup> Berta Alonso Soto e a interventora, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR  
REALIZADA O DÍA 2 DE MARZO DE 2015**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 2 de marzo de 2015.

**URBANISMO E VIVENDA**

**2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 19 DE MARZO DE  
2015, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE  
OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS**

**2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:**

2.A.1) INFORMACIÓN URBANÍSTICA DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE  
OBRAS:

## **EXPEDIENTE Nº 26/2015.- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN AUTONÓMICA PARA CONSTRUCCIÓN DE PISCINA, PROMOVIDA POR MARÍA OLGA CAAMAÑO SANTOS**

A Xunta de Goberno Local, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Informar favorablemente o expediente de autorización autonómica presentado por OLGA CAAMAÑO SANTOS, no senso de tramitar en solo rústico de costas autorización autonómica para a construción dunha piscina no lugar en Baixada a Canabal, nº 4, Cangas, de conformidade co anteproxecto elaborado. O uso é autorizable pola comunidade autónoma en virtude do disposto nos artigos 33 e 38 e a DT 1 f) da LOUGA.

SEGUNDO.- Remitir o expediente completo tramitado á consellería competente en materia de Ordenación do territorio e urbanismo (secretario ou secretaria xeral competente en materia de urbanismo), para que examine a adecuación da solicitude citada anteriormente á Lei 9/2002, do 30 de decembro, e aos instrumentos de ordenación do territorio e para que resolva no prazo de tres meses, unha vez sometido o expediente ao trámite de información pública contido no artigo 41 da LOUGA.

TERCEIRO.- Solicitar o preceptivo informe de costas, o do POL.

CUARTO.- Notificar este acordo aos interesados no expediente, entre os que figuran os titulares das alegacións presentadas que así o solicitan expresamente.

2.A.2) LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

### **EXPEDIENTE Nº 21.819.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR MARÍA RITA CARDALDA OLIVEIRA**

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal o día 16 de marzo de 2015, acordou:

a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a María Rita Cardalda Oliveira, para ampliación de vivenda sita en Liméns-O Hío, construída ao abeiro da licenza municipal Nº 21.409.

b) Así mesmo, apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval, de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

2.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de

conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

**EXPEDIENTE Nº 25.388.-** A Joaquina Pousada Rodal, autorízaselle a executar as obras de urbanización previstas no proxecto presentado, debendo avisar ao remate destas. O prazo de habilitación para o inicio das obras que contén a comunicación previa permanece suspendido desde o requirimento de data 13 de marzo ata que se comunique o remate das obras de urbanización.

### **3º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES**

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

#### OBRAS

**EXPEDIENTE Nº 25.405.-** BESPI CONSTRUCCIONES S.L. rehabilitación e acondicionamento de edificio municipal para dependencias administrativas en rúa Cuba, nº 2-Cangas.

**EXPEDIENTE Nº 25.406.-** Xoaquín Pola Bonet, obras interiores en Reboredo, nº 9-Cangas.

**EXPEDIENTE N° 25.409.-** COMUNIDADE PROPIETARIOS REGUEIRA, reparacions exteriores de fachada na Avda. de Bueu, nº 29-Cangas.

**EXPEDIENTE N° 25.416.-** Antonia Rodríguez Freire, reforma en Estrada a Bueu-Piñeiro, nº 52-Aldán.

#### **4º.- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA**

##### 4.A) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/ EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA N° 42/2010

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 11.3.15, referente ao expediente de infracción urbanística nº 42/2010, que é como segue:

*"EXPEDIENTE N° 42/2010*

##### *PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL*

*Resultando que no lugar de Erbello-Aldán, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar unha estrutura metálica adosada á edificación principal, formando un tiro de escaleiras en 3 alturas.*

*Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, Josefa Martínez Goberna, promotora.*

*Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística segundo determina o artigo 216 da Lei 9/02, de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en relación co artigo 1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística, que pode tipificarse en principio como leve segundo sinala o artigo 217.4 da mesma norma.*

*Considerando que inicialmente non se pode apreciar a tenor do indicado no artigo 220.2 da Lei 9/02 e artigos 96 e 97 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística, circunstancias agravantes.*

*Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrucción do expediente, que ós feitos descritos lies pode corresponder a sanción de multa entre 300 e 6.000.-euros, de acordo co establecido no art. 220.1.a) da referida Lei 9/02, indicándolle ao infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduciráselle a mesma nun 30%.*

*Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de disciplina, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro do Réxime xurídico das administracións públicas e do Procedemento administrativo común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora*

*aprobado por R.d. 1398/93, do 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.d. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de bases de Réxime local.*

*Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.*

*SEGUNDO.- Nomear instrutor e secretario do expediente a Rafael Soliño Costas e á secretaria do concello, Berta Alonso Soto, respectivamente, que ponerán absterse de intervir no procedemento, ou ser recusados polos interesados polas causas e ná forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.*

*TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.D. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de delegación de data 16 de xuño de 2011.*

*CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.d. 1398/93 de recoñecer a súa responsabilidade. advertíndolle que de efectuar por si mesmo a legalización das obras antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.*

*QUINTO.- Indicar aos interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegar os documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como, a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.*

*SEXTO.- Conceder aos interesados un prazo de QUINCE DÍAS a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.*

*SÉTIMO.- Comunicar o acordo ó instrutor e secretario con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar aos interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.d. 1398/93.*

*OITAVO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.*

*NOVENO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 42/2010.

### **SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E MULLER**

#### **5º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/SOLICITUDE DE AXUDA ECONÓMICA DE EMERXENCIA SOCIAL**

Dáse conta de proposta do día 16.3.15 do xefe do servizo do Centro Municipal de Benestar Social, referente a solicitude de axuda económica de emerxencia social, que é como segue:

#### **"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

*Estanislao Graña García, xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social do Ilmo. Concello de Cangas de Morrazo, (Pontevedra).*

*Con relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, propónse a seguinte resolución:*

***\* Concesión de axuda económica de CENTO VINTE E OITO EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS (128,50 €), a Nery Julissa Lazo Pozo."***

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta do xefe do servizo do Centro Municipal de Benestar Social, referente a solicitude de axuda económica de emerxencia social.

### **CONTRATACIÓN**

#### **6º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/INCOACIÓN DE EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DO CENTRO SOCIAL MUNICIPAL**

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 18.3.15. referemte a incoación de expediente administrativo para a contratación do servizo de limpeza do centro social municipal, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

*Vista a necesidade de contratar o servizo de limpeza do Centro Social municipal sito na Avda. de Castelao, nº 4, cumprindo así coa obriga municipal de manter en condicións de hixiene, salubridade e ornato as instalacións municipais.*

*Visto que pola intervención municipal se procedeu a reter o crédito necesario con cargo á aplicación orzamentaria 2015/231.22700.01 para a contratación do servizo de limpeza do centro social, segundo se fai constar no documento de retención de crédito estendido pola intervención municipal o día 2.01.2015 (N. asento: 000094).*

*Por todo o que antecede, á Xunta de Goberno Local, PROPOÑO:*

*Primeiro.- Incoar expediente administrativo para a contratación do servizo de limpeza do Centro Social municipal sito na Avenida de Castelao, nº 4.*

*Segundo.- Que a Secretaría Xeral emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento máis axeitado a seguir segundo as características do contrato.*

*Terceiro.- Que se redacten os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.*

*Cuarto.- Que a interventora municipal emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.*

*Quinto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Secretaría, Intervención e Apoio Xurídico."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente da proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a incoación de expediente administrativo para a contratación do servizo de limpeza do centro social municipal.

**7º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/INCOACIÓN DE EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE BALIZAMENTO E MANTEMENTO DAS PRAIAS DO CONCELLO DE CANGAS**

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 18.3.15, referente a incoación de expediente administrativo para a contratación do servizo de balizamento e mantemento das praias do Concello de Cangas, que di o seguinte:

## "PROPOSTA DA ALCALDÍA

*Vista a obriga do Concello de Cangas de garantir a seguridade nas zonas de baño, debendo para iso proceder a unha correcta sinalización e balizamento das praias. Tendo en conta que o concello non dispón de medios propios suficientes para realizar esta actuación, faise necesario proceder á contratación deste servizo.*

*Visto que pola intervención municipal se procedeu a reter crédito por importe de 44.150,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2015/172.22799.01 para a contratación do servizo de balizamento de praias, segundo se fai constar no documento de retención de crédito estendido pola intervención municipal en data 2.01.2015 (N. asiento: 000028).*

*Por todo o que antecede, á Xunta de Goberno Local, PROPOÑO:*

*Primeiro.- Incoar expediente administrativo para a contratación do servizo de balizamento e mantemento das praias do Concello de Cangas.*

*Segundo.- Que a secretaria xeral emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento máis axeitado a seguir segundo as características do contrato.*

*Terceiro.- Que se redacten os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.*

*Cuarto.- Que a interventora municipal emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.*

*Quinto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Secretaría, Intervención e Apoio Xurídico."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente da proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a incoación de expediente administrativo para a contratación do servizo de balizamento e mantemento das praias do Concello de Cangas.

## **8º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/INCOACIÓN DE EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASESORAMENTO XURÍDICO E DEFENSA LETRADA DO CONCELLO DE CANGAS EN TODOS OS ÁMBITOS XURISDICIONAIS**

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 18.3.15, referente a incoación de expediente administrativo para a contratación do servizo de asesoramento xurídico e defensa letrada do Concello de Cangas en todos os ámbitos xurisdiccionais, que é como segue:



## "PROPOSTA DA ALCALDÍA

*Vista a necesidade de contratar o servizo de asesoría xurídica que inclúa a defensa e representación en xuízo dos intereses municipais, así como complementar as tarefas propias de asesoramento xurídico deste concello.*

*Visto que pola intervención municipal se procedeu a reter o crédito necesario con cargo á aplicación orzamentaria 2015/920.22604.01 para a contratación do servizo de asistencia xurídica, segundo se fai constar no documento de retención de crédito estendido pola intervención municipal en data 2.01.2015 (N. asento: 000095).*

*Por todo o que antecede, á Xunta de Goberno Local, PROPOÑO:*

*Primeiro.- Incoar expediente administrativo para a contratación do servizo asesoramento xurídico e defensa letrada do Concello de Cangas en tódolos ámbitos xurisdicionais.*

*Segundo.- Que a secretaria xeral emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento máis axeitado a seguir segundo as características do contrato.*

*Terceiro.- Que se redacten os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.*

*Cuarto.- Que a interventora municipal emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.*

*Quinto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Secretaría, Intervención e Apoio Xurídico."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente da proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a incoación de expediente administrativo para a contratación do servizo de asesoramento xurídico e defensa letrada do Concello de Cangas en todos os ámbitos xurisdicionais.

## **EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO**

### **9º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO S/SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE VARIOS POSTOS DE VENDA AMBULANTE DO ANO 2015**

Dáse conta de proposta do día 16.3.15 da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a solicitude de autorización de varios postos de venda ambulante do ano 2015, que di o seguinte:

*"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA Á SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE VARIOS POSTOS DE VENDA AMBULANTE DO ANO 2015*

*ANTECEDENTES*

*Os seguintes interesados/as, por medio de escritos presentados no rexistro xerai deste concello, solicitan a autorización para a colocación de un posto de venda ambulante no Mercado de Cangas:*

<b>INTERESADO/A</b>	<b>DATA SOLICITUDE</b>	<b>Nº ENTRADA</b>	<b>Nº EXPEDIENTE</b>
<i>Rosa Covelo Marino</i>	<i>09/01/2015</i>	<i>195</i>	<i>ME 15/001</i>
<i>Mustapha Ez Zaari</i>	<i>09/01/2015</i>	<i>193</i>	<i>ME 15/002</i>
<i>Rachid Ez Zaari</i>	<i>09/01/2015</i>	<i>194</i>	<i>ME 15/003</i>
<i>María Esther Pazos Buezas</i>	<i>15/01/2015</i>	<i>370</i>	<i>ME 15/004</i>
<i>Rosa María Calvar Martínez</i>	<i>16/01/2015</i>	<i>441</i>	<i>ME 15/005</i>
<i>Arlindo Manuel Pereira Mendes</i>	<i>23/01/2015</i>	<i>736</i>	<i>ME 15/006</i>
<i>Antonio Suárez Rosillo</i>	<i>29/01/2015</i>	<i>987</i>	<i>ME 15/007</i>
<i>Saúl Duval Borja</i>	<i>30/01/2015</i>	<i>1.024</i>	<i>ME 15/008</i>
<i>María Susana Villar Carrera</i>	<i>09/02/2015</i>	<i>1.509</i>	<i>ME 15/009</i>

*CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS*

*I.- Ante as numerosas solicitudes deste tipo presentadas nos últimos meses, cómpre recordar que, como sinala o artigo 14 da Ordenanza reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (B.O.P. nº 67, do 8 de abril de 2013), o número de autorizacións que se poidan conceder para o exercicio da venda ambulante quedará supeditado ao número de metros dispoñibles nos espazos dedicados para tal actividade.*

*Considerando a ordenanza, e tendo en conta a falta de espazo dispoñible a día de hoxe no recinto destinado ao mercado ambulante, conclúese que non é posible acceder ao solicitado polos referidos interesados.*

*II.- O órgano competente para o outorgamento das autorizacións para o exercicio a venda ambulante é a Xunta de Goberno Municipal, segundo o artigo 15.1 da ordenanza.*

*Á vista do anteriormente exposto, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte Xunta de Goberno Local.*

*ACORDO:*

*Primeiro.- Desestimar as solicitudes de autorización para un posto np mercado ambulante de Cangas de acordo coas consideracións efectuadas na presente resolución.*

*Segundo.- Notificar este acordo aos/as interesados/as con indicación dos recursos procedentes, e dar traslado deste aos departamentos municipais de Axencia de Desenvolvemento Local e Concellería de emprego, industria, comercio, consumo e turismo."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a solicitude de autorización de varios postos de venda ambulante do ano 2015.

## **SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL**

### **10º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN VARIAS**

#### **10.A.1) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE PASAXE PERMANENTE**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola concelleira de Tráfico e pola Policía Local, outorgar, previo pagamento das taxas que correspondan, autorización para o uso privativo en precario da vía pública mediante a instalación de sinais de pasaxe permanente de 3 metros, ós seguintes solicitantes:

<b>NOME</b>	<b>LUGAR INSTALACIÓN</b>
JOSE ANTONIO GANDÓN MENDUÍÑA	Estrada de Bueu, nº 15-Menduíña-Aldán. Advírtese que a competencia sancionadora corresponde á Xefatura Provincial de Tráfico e á Xunta de Galicia. <u>O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.</u>
ANXEL HUETE VALES	Areacova, nº 25-Espiñeira-Aldán. <u>O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.</u>

#### 10.B) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SOLICITUDE DE ESPELLO EN CAMIÑO DAS LAXES

Dáse conta de informe emitido o día 13.3.15 pola Policía Local, referente a solicitude presentada o día 6.3.15 por JOSE ANTONIO COYA OTERO, na que demanda a instalación de espello no lugar de Camiño das Laxes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda acceder ao solicitado polo Sr. Coya Otero.

#### 10.C) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/TRAMO PERIGOSO NA ESTRADA E.P. 1005-PINTÉNS

Vista a solicitude presentada por M<sup>a</sup> Dolores López Pérez, na demanda medidas de seguridade para tramo perigoso existente na estrada EP. 1005-Pinténs.

Dáse conta de informe emitido o día 9.3.15 pola Policía Local, que é como segue:

*"Nº REX: 347/15*

*ASUNTO: TRAMO DE VÍA PERIGOSO NA EP 1005, PINTÉNS-O HÍO*

*Os axentes da Policía Local de Cangas con número de identificación profesional 052025 e 052026, por medio do presente, informan:*

*Que con relación ao escrito presentado por M<sup>a</sup> Dolores López Pérez, representante da Asociación de veciños/as de Pinténs, na que indica que no lugar hai unha zona perigosa, onde houbo moitos accidentes e solicitan que se busque unha solución.*

*Que os axentes actuantes fan constar, que o lugar indicado pola devandita asociación de veciños, e tramo de varias curvas da EP 1005, que discorre desde o Igrexario ata Pinténs, na parroquia do Hío en Cangas. Trátase dunha vía interurbana, sen beirarrúas e sen ningún tipo de sinalización horizontal pero moi transitada, tanto por peóns como por vehículos ao tratarse dun vial ae acceso as praias e a barrios da parroquia do Hío.*

*Que por tratarse dun vial provincial se lle indica a asociación que remitan escrito coas solicitudes de melloras a administración correspondente."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11.

10.D) SOLICITUDE DE ANGEL FERNÁNDEZ NORES S/CAMBIO DE TITULARIDADE DE AUTOESCOLA PARA REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN VIAIS DO CONCELLO DE CANGAS.

Examinado o escrito do día 19.03.15, presentado por Angel Fernández Nores, titular da autoescola denominada "CINANIA ESCUELA DE CONDUCTORES", con enderezo social na Avenida de Bueu, nº 12-baixo-(edificio Casablanca)-Cangas, no que indica que desde o pasado día 10.3.15 é o novo titular da autoescola antes denominada "AUTOESCUELA OTTO" da sociedade mercantil "ENSEÑANZAS AUTOMOVILÍSTICAS OTEVA, S.L."

Que na Xunta de Goberno Local do día 23.9.13 concedeuse á sociedade "ENSEÑANZAS AUTOMOVILÍSTICAS OTEVA, S.L.", autorización municipal para a realización de prácticas de condución de vehículos adscritos á autoescola "OTTO" (PO 0231), polos viais do Concello de Cangas.

Polo que solicita o cambio de titularidade da referida autorización municipal para a realización de prácticas de condución de vehículos por zonas urbanas de Cangas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Conceder a Angel Fernández Nores, titular da autoescola denominada "CINANIA ESCUELA DE CONDUCTORES", o cambio de titularidade da autorización municipal concedida por esta mesma Xunta de Goberno Local en sesión do día 23.9.13 á autoescola "ENSEÑANZAS AUTOMOVILÍSTICAS OTEVA, S.L.", para a realización de prácticas de condución de vehículos adscritos á referida autoescola, polos viais do Concello de Cangas.

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA**

### **11º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS**

11.A) DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA DITADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, Nº 1 DE PONTEVEDRA S/P.A. Nº 129/2014

Dase conta de sentenza nº 59/2015 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo, nº 1 de Pontevedra, recaída no procedemento abreviado nº 108/2014, promovido por M<sup>a</sup> Asunción Castroviejo Bolívar.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sentenza nº 59/2015 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo, nº 1 de Pontevedra, recaída no procedemento abreviado nº 108/2014, promovido por M<sup>a</sup> Asunción Castroviejo Bolívar.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento Urbanismo.

## **URXENCIAS**

### **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

#### **A) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO S/PRÓRROGA DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE PARA O ANO 2015**

Dáse conta de proposta do día 18.3.15 da concelleira de emprego, industria, comercio, consumo e turismo, referente a prórroga das licenzas municipais de venda ambulante para o ano 2015, que di o seguinte:

#### **"PROPOSTA DE PRÓRROGA DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE PARA O ANO 2015**

I.- O Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (B.O.P da provincia de Pontevedra nº 205 do 25 de outubro de 2011) no seu capítulo IV prevé que as autorizacións outórganse por períodos anuais, sendo obxecto de renovación previa solicitude do interesado por períodos sucesivos coincidentes co ano natural previa presentación da documentación orixinal esixida polo concello.

Por tal motivo, rematado o período de autorización correspondente ao ano 2014, os titulares foron requiridos a fin de que solicitasen a preceptiva renovación para o ano 2015 no modelo formalizado proporcionado outorgando un período de tempo para tal efecto.

II.- O órgano competente para o outorgamento das licenzas municipais é a Xunta de Goberno Municipal, segundo o artigo 18.2 do regulamento que dispón que se concederán 'previa comprobación dos requisitos legalmente establecidos'.

III.- Comprobada a documentación presentada polos/as interesados/as dentro do prazo outorgado para a renovación de licenzas, despois de subsanar as deficiencias observadas inicialmente por cumprir cos requisitos esixidos, procede adoptar o presente acordo polo que se outorga a renovación para o presente ano 2013, das licenzas municipais de venda ambulante das que son titulares as persoas que a continuación se identifican.

IV.- Do mesmo xeito procede, tralo remate do proceso indicado, declarar revogadas as licenzas de venda ambulante daqueles titulares que non presentaron a súa solicitude de renovación dentro do prazo outorgado, así

como, daqueles que presentando a citada solicitude de renovación con deficiencias na documentación precisa e tras ser requiridos non acreditaron satisfactoriamente a subsanación no prazo outorgado para tal efecto.

Á vista do anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local o seguinte:

Primeiro.- Renovar as licenzas municipais de venda ambulante para o ano natural 2015, ao abeiro do disposto no Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP 25/10/2011) a:

- Ref: 1. Sumaya Khala Gil
- Ref: 3. Enrique Duval Salazar
- Ref: 4. M<sup>a</sup> Esther Pazos Buezas
- Ref: 5. Paula Marcos Gil
- Ref: 6. M<sup>a</sup> José Carlín Loureiro
- Ref: 7. Aurora Franco Blanco
- Ref: 8. Raquel Calvar López
- Ref: 10. Francisco Luis Pousada Pastoriza
- Ref: 11. Faustino Jiménez Borja
- Ref: 12. Daniel Torres Cardoso
- Ref: 13. M<sup>a</sup> Lourdes Gutierrez García
- Ref: 14. Pascual Jiménez Pérez
- Ref: 15. Floreano Seoane Pateiro
- Ref: 16. Francisco Javier González Alvarez
- Ref: 18. Carlos Ferro Trasande
- Ref: 19. José Manuel Dopazo Graña
- Ref: 20. Jose Antonio Barreiro Lorenzo
- Ref: 21. Ana M<sup>a</sup> Filgueira Torres
- Ref: 22. Julio Jiménez Borja
- Ref: 23. Elena Rodríguez González
- Ref: 24. M<sup>a</sup> Nieves Pastoriza Carballo
- Ref: 26. Francisco Núñez Guzmán
- Ref: 27. María Aldora Amador
- Ref: 28. Mimos C.B
- Ref: 29. Lourdes García Loureiro
- Ref: 30. M<sup>a</sup> Carmen Barbeiro Gómez
- Ref: 31. Olga Cid Campos
- Ref: 33. Antoni o Parada Alonso
- Ref: 34. Maquinaria Agrícola Carpintero S.L
- Ref: 35. Javier Duval Gómez
- Ref: 36. Iglesias Míguez S.L
- Ref: 37. M<sup>a</sup> Pilar Durán Miranda
- Ref: 38. M<sup>a</sup> Purificación Sanmartín Torres
- Ref: 39. M<sup>a</sup> Yolanda Nores López
- Ref: 40. M<sup>a</sup> Elisa Giráldez Peña
- Ref: 41. Núria Martínez Rodríguez
- Ref: 42. María Fabiola Vasquez Maldonado
- Ref: 44. Diego Salazar Jiménez
- Ref: 45. Ramón Jiménez Salazar
- Ref: 46. Veronica Barallobre González

- Ref: 47. Laura González Galiñanes
- Ref: 48. Isma Ngon
- Ref: 49. Carmen Cores Peiteado
- Ref: 50. Purificación Jiménez Salazar
- Ref: 51. José Angel Jiménez Borja
- Ref: 52. María Celia Fernández Requejo
- Ref: 53. Manuel Sabarís Fontán
- Ref: 54. Ana Tojo García
- Ref: 56. Manuela Acosta Floria
- Ref: 57. Angela Salazar Giménez
- Ref: 59. Driss Ezzaari Haddadi
- Ref: 62. Panaderia Confiteria Laura S.L
- Ref: 63. Past River S.L
- Ref: 64. Milagros Cortes González
- Ref: 66. María Da Silva Miranda
- Ref: 71. Antonio Pérez Abreu
- Ref: 72. Carmen Ramos Vázquez
- Ref: 73. M<sup>a</sup> Concepción Jiménez Jiménez
- Ref: 74. Isabel Vilas Iglesias
- Ref: 75. Olga Escaneo González
- Ref: 78. Fátima Jaadi Bouasria
- Ref: 79. Oscar Pérez Pintos
- Ref: 80. Arlindo Manuel Pereira Mendes
- Ref: 81. Assane Faye Diagne
- Ref: 83. José Angel Rodríguez Rodríguez
- Ref: 84. Pedro Jiménez Borja
- Ref: 85. Telmo Vilanova Gómez
- Ref: 86. Marcelo Doval Lins
- Ref: 87. Astou Diop Ndeye
- Ref: 88. Pilar González Costa
- Ref: 89. M<sup>a</sup> Esther Camacho Gabarre
- Ref: 91. M<sup>a</sup> Teresa Novo Pereiro
- Ref: 93. M<sup>a</sup> Carmen Vieitez Sotelo
- Ref: 94. Mor Fall
- Ref: 95. Jéssica Jiménez Duval
- Ref: 97. Moussa Ndiaye
- Ref: 98. M<sup>a</sup> Carmen Fernández Piedras
- Ref: 99. Nicolás Escudero Jiménez
- Ref: 101. Patricia Torres Lagos
- Ref: 102. M<sup>a</sup> Teresa Santos Novas
- Ref: 103. M<sup>a</sup> Esther Cabeiro Dopico
- Ref: 104. Amelia Gómez Puime
- Ref: 105. Ana M<sup>a</sup> Iglesias González
- Ref: 106. Sol de América Peña Rodríguez
- Ref: 107. Guillermo Iglesias Rodal
- Ref: 111. José Miguel Mosteiro Quintans
- Ref: 114. Patricia M<sup>a</sup> Veiga Alonso
- Ref: 115. M<sup>a</sup> Carmen Iglesias Blanco
- Ref: 116. Ramiro Torrón Ferreiro
- Ref: 117. M<sup>a</sup> Mercedes Mallo Lagoa
- Ref: 118. Josefa Durán Miranda
- Ref: 119. Antonio Pastoriza Rodriguez



- Ref: 120. Celestino Campos Monteiro
- Ref: 121. Juan Luis Pastoriza Rodríguez
- Ref: 122. M<sup>a</sup> Fátima Vidal Miranda
- Ref: 124. Ana Marcos Gil
- Ref: 125. Javier Freire Pastoriza
- Ref: 126. Encarnación Alvarez Gayo
- Ref: 127. M<sup>a</sup> de Pilar Portela Suárez
- Ref: 128. Paulo Fernández Amaya
- Ref: 129. Cristina Hermo Lustres
- Ref: 130. Gerardo Gómez Alvarez
- Ref: 131. Luis Gómez Silvet
- Ref: 134. Jorge Borja Rosillo
- Ref: 135. M<sup>a</sup> Araceli González Paredes
- Ref: 136. Eugenio Lozano Borja
- Ref: 140. Felipe Salazar Salazar
- Ref: 142. Josefa Freire Martínez
- Ref: 143. M<sup>a</sup> Carmen Freire Martínez
- Ref: 144. M<sup>a</sup> Carmen Iglesias Blanco
- Ref: 146. José Antonio Espiña Matanzas
- Ref: 147. Panaderia Salgueiro C.B.
- Ref: 148. Plantas A Lagoa S.L
- Ref: 150. Jacob Giménez Jiménez
- Ref: 154. Débora Jiménez Giménez
- Ref: 155. José Manuel Carballeda Neira
- Ref: 159. Miguel García Bautista
- Ref: 161. Alba López Caballero
- Ref: 165. Agrocar S.L
- Ref: 167. Michael Arón Rodríguez Parada

### CAMBIOS TITULARIDADE

- Ref: 9. M<sup>a</sup> Carmen Pérez Pazó-M<sup>a</sup> Romina Parceró Pérez
- Ref: 55. Jesús F. Romero Alvite-Saliou Toure
- Ref: 69. Sonia González Rodríguez-Sandra Espiña Ramírez
- Ref: 82. Susana Pérez Santos-Ana María Padín Fernández
- Ref: 132. Mara Flórez Díaz-Santiago Flórez Giménez
- Ref: 160. Ana María Pazós Alonso-José Manuel Parceró Pérez

Segundo.- Declarar revogadas as licenzas municipais de venda ambulante dos titulares que a seguir se relacionan por non presentar a solicitude de renovación dentro do prazo outorgado.

- Ref: 60. José Santos Chapela
- Ref: 96. Ricardo Sotelo Germade
- Ref: 123. M<sup>a</sup> Dolores Gómez Silvet
- Ref: 163. Sara Giménez Jiménez
- Ref: 164. Rubén Jiménez Mendoza
- Ref: 17. José Luis Jiménez Escudero (Solicita cambio titularidade) Yessica Hernández Hernández
- Ref: 61. Samuel Jiménez Borja
- Ref: 68. Juan Leon Salazar (solicita cambio titularidade) Enrique León Salazar

-Ref: 76. Carlos Rafael Vilas

Terceiro.- Declarar revogadas as licenzas municipais de venda ambulante dos titulares que de seguido se relacionan, por presentar a súa solicitude de renovación con deficiencias na documentación precisa sen subsanar estas satisfactoriamente no prazo outorgado para tal efecto.

- Ref: 43. Manuela Pereira González
- Ref: 65. Copistería Foto Núñez, S.L.
- Ref: 67. Rosa Calvar Martínez
- Ref: 77. Ilimane Ndoye Mbaye
- Ref: 133. Manuel Duval Salazar
- Ref: 137. Luis Leòn Salazar
- Ref: 139. Enrique Duval Salazar
- Ref: 145. Angélica Jiménez Jiménez
- Ref: 149. Gerardo Giménez Gómez
- Ref: 152. Sinaí Giménez Jiménez

#### CAMBIOS DE TITULARIDADE:

- Ref: 92. M<sup>a</sup> Carmen Pérez Bastón - Abrahan Pereira Bastón
- Ref: 138. Lorena Duval Escudero - Susana Escudero Jiménez
- Ref: 141. Cipriano Jiménez Romero - Silas Jiménez Flórez
- Ref: 157. M<sup>a</sup> Luisa Iglesias Barreiro - Damarís Jiménez Jiménez

Cuarto.- Advertir aos titulares de licenzas revogadas que, unha vez firme o presente acordo deberán absterse de continuar a colocar o posto no mercado por carencia de autorización, resultando de aplicación o réxime sancionador e as medidas previstas para tal efecto na normativa, todo iso sen prexuízo de que estean obrigados a satisfacer as taxas municipais e calquera outra obriga derivadas da ocupación efectiva do posto.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo aos interesados xunto cos recursos procedentes, así como, aos departamentos municipais de Tesourería e Concellería de emprego, industria, comercio, consumo e turismo."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da concelleira de emprego, industria, comercio, consumo e turismo, referente a prórroga das licenzas municipais de venda ambulante para o ano 2015.

#### **B) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPLORACION DOS SERVIZOS DE TEMPORADA NAS PRAIAS DO CONCELLO DE CANGAS-ANO 2015**

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 19.3.15, referente a explotación dos servizos de tempada nas praias do Concello de Cangas-2015, que di o seguinte:

*"ASUNTO:*

## *EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPORADA NAS PRAIAS DO CONCELLO DE CANGAS ANO 2015*

*INTERESADO: XUNTA DE GOBERNO LOCAL*

### *PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA*

*Con rexistro de entrada do 9 de febreiro de 2015, recibíuse oficio do xefe do Servizo de Costas de Pontevedra expresando os criterios de actuación para a elaboración e explotación dos plans de ocupación con servizos de tempada nas praias durante a tempada estival do ano 2015. Así mesmo, a Xefatura Provincial de Costas, insta aos concellos, como en anos anteriores, a constituírse en xestores do programa de autorización de explotacións.*

*O anuncio remitido polo Servizo Provincial de Costas, no cal se instaba a todos os/as interesados/as a presentar solicitudes de autorización para a explotación de servizos de tempada nas praias do noso municipio, foi exposto no taboleiro de anuncios do concello.*

*Con base nas concesións autorizadas polo Servizo Provincial de Costas no ano pasado, e xunto coas solicitudes e propostas dos/as interesados/as, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*ÚNICO.- Procédase á aprobación do plan de ocupación que se achega coa presente proposta e, en virtude deste, solicítase do Servizo Provincial de Costas en Pontevedra, as preceptivas autorizacións para a instalación dos servizos relatados.*

### *A N E X O:*

#### *PLAN DE OCUPACIÓN CON SERVIZOS DE TEMPADA NAS PRAIAS DO CONCELLO DE CANGAS*

*No día do 9 de febreiro de 2015, achegouse escrito do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra remitindo a circular comprensiva dos criterios a ter en conta na elaboración e explotación de servizos de tempada nas praias do concello.*

*Unha vez examinada a mencionada circular, os pedimentos previos realizados polos/as interesados/as e as necesidades en canto a servizos que se presentan cada tempada nas diferentes praias, se considera preciso cubrir os servizos de tempada nas praias que a continuación se indican:*

#### *1.- Praia de Rodeira:*

*(1) Un quiosco de 6,00 m<sup>2</sup>., e superficie para 4,00 m<sup>2</sup>., de terraza.*

*(1) Un quiosco de 5,00 m<sup>2</sup>., e superficie para 25,00 m<sup>2</sup>., de terraza.*

2.- Praia de Areamilla:

(1) Un quiosco de 10,00 m2., e superficie para terraza de 11,00 m2.

(1) Un quiosco de 18,00 m2., e superficie para terraza de 10,00 m2.

3.- Praia de Santa Marta:

(1) Un quiosco de 14,00 m2., e superficie para terraza de 7,00 m2.

4.- Praia de Nerga:

(1) Un quiosco de 20,00 m2., e superficie para terraza de 50,00 m2.

5.- Praia de Melide:

(1) Un quiosco de 20,00 m2., e superficie para terraza de 30,00 m2.

6.- Praia de Vilariño:

(1) Un quiosco de 13,00 m2., e superficie para terraza de 15,00 m2.

(1) Un quiosco de 12,00 m2., e superficie para terraza de 10,00 m2.

7.- Praia de Mendiúña:

(1) Un quiosco de 8,00 m2., e superficie para terraza de 30,00 m2.

8.- Praia de Liméns:

(1) Unha carpa para masaxes de 9,00 m2.

*A situación de cada un dos servizos solicitados para as praias indicadas é a que se sinala nos planos anexos."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a explotación dos servizos de tempada nas praias do Concello de Cangas-2015.

**C) PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/CONCESIÓN DE AXUDA NO FOGAR**

Dáse conta de proposta do día 19.3.15 do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, referente a concesión de axuda no fogar, que é como segue:

*"Estanislao Graña García xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social do Iltmo. Concello de Cangas de Morrazo (Pontevedra).*

*Con relación ao Servizo Municipal de Axuda no Fogar (SAF), achéganse proposta correspondente para concesión de SAF pola quenda de dependencia do expediente 36008/01/000610 - 48221."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

### **ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

a secretaria

Visto e prace  
o presidente